Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

San Patricio en Galicia



Cóntao Vicente Risco no Boletin Nós, nº 8, no artigo “Irlanda e Galiza”. E di que en Baiona do val Miñor aínda se conserva a tradición de que San Patricio o apóstolo de Irlanda, predicou por aló o Evanxeo.

O santo chegou nunha nave “ de encantamento” desde Irlanda e no sitio onde predicou ergueu un cruceiro, semellante aos irlandeses e aos galegos. E o cruceiro, di Risco, chamouse Cruceiro de San Patrick en lembranza da visita do santo irlandés.